

A literatura como punto de partida, como xénese de interrogantes e vehículo do pensamento é o que José-Alberte Corral Iglesias desprende de 'Do lusco-fusco', un feixe de relatos "de corte existencial" que compoñen a súa primeira incursión no eido narrativo.


Ás voltas co **lusco-fusco**

José-Alberte Corral descarga as súas teimas nos relatos **existenciais** da súa estrea narrativa

José-Alberte Corral Iglesias tiña publicado xa varios poemarios, como *Del amor y la memoria*, *P-alavra* e *Acarom da brêtema*, onde ata agora expresaba o seu mundo literario e creativo. Ve agora a luz a súa primeira experiencia como narrador, *Do lusco-fusco*, un feixe de relatos que entroncan coa experiencia coñecida pero que son, ante todo, ficción. Son historias ás veces de corte existencial, ás veces irmás do realismo máxico, coas que o autor aspira a "prolonga-la tradición contística galega, anque moitas das miñas fontes proceden de Latinoamérica".

Di José-Alberte Corral que as personaxes que viven nos relatos lle fan preguntas e lle axudan a dialogar coa xente. Esta é a razón pola que non cre nunha "literatura de solucións", senón de interrogantes, que a postula como "a voz alta escrita da reflexión e o pensamento".

A irracionalidade do sistema, a marxinalidade da violencia individual, o afecto como antídoto contra a barbarie, son algunhas das cuestións que emanan deste



A portada do libro de relatos do escritor coruñés José-Alberte Corral

libro de relatos, que pregunta tamén como facer entender que o outro sempre é un mesmo. Son cuestións que apuntan directamente á conciencia dos galegos,

"un pobo violentado, condenado ó desafecto coma se dunha maldición bíblica se tratase". Son as inquedanzas que atormentan o autor, que ve no "xe-

nocidio da emigración, que nos obriga a vivir mutilados" a cadea perpetua dos homes que non poden "xogar unha partida de dominó cos seus amigos da infancia porque están repartidos polo mundo".

Domina a ironía, a tenrura e con frecuencia, a tristura. Pero José-Alberte Corral non describe *Do lusco-fusco* como unha obra pesimista, tampouco optimista, nin sequera testemuño: "O optimismo é dicir que existen solucións, e eu non as teño. O pesimismo é dicir que non as hai, e non me toca. Pero non me quedo en testemuño, non só digo que estamos así, tamén pregunto por qué". José-Alberte Corral Iglesias é "un neno de Monte Alto" licenciado en Económicas que percorreu boa parte de Hispanoamérica e estudou Xornalismo na Universidade de Caracas. Dá agora este salto á narrativa da man de Baña Edicións, porque necesitaba plasmar teimas que "non me collán na poesía".

SANTIAGO
AFA